



Concello de A Mezquita

BANDO

SERVIZO GRATUITO DE XESTIÓN CATASTRAL DE FINCAS RÚSTICAS E URBANAS.

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Ponse en coñecemento dos veciños e veciñas da Mezquita que o Concello ven de contratar un novo servizo para facilitar a tramitación de expedientes co catastro.

Estas xestións incluírán cambios de titularidade de fincas para que figuren correctamente a nome dos propietarios, identificación e corrección de erros dos últimos catastros realizados, tramitacións de altas de novas construcións urbanas unifamiliares, tramitacións de segregacións ou agrupacións, cambios de cultivo, etc.

Atenderanse asimesmo posibles dúbidas e preguntas sobre todas as cuestións relacionadas co catastro.

Para poder utilizar este servizo deberáse solicitar cita previa nas Oficinas Municipais teléfono: 988425541, correo electrónico: concello@amezquita.gal. A atención realizarase en horario de oficina de 9 a 14 horas todos os días 19 coincidindo coa feira.

Se cae a sábado o 19 adiantarase ao venres 18 e se cae en festivo pasa ao día seguinte coincidindo coa celebración da feira.

As solicitudes serán atendidas por orde de entrada cumprindo coa atención indicada e confirmando dende o Concello a cita para acudir a recibir o servizo o día e hora correspondente.

A partir desta data xa se pode pedir cita para o primer día que será o **20 de xullo** coincidindo coa feira.

Agardo que o servizo permita mellorar e facilitar os trámites catastrais aos veciños da Mezquita e deste xeito que se poidan realizar moitos dos trámites necesarios sen ter que desprazarse.

En A Mezquita, a 30 de xuño de 2020.

O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

